

Sra. Subdelegada do Goberno na Coruña

Avda. Da Marina, 23

15071 A Coruña

N. REF.: SAJ/SC/jl

Rafael C. Sisto Edreira, Alcalde do Concello de Teo, en relación co seu EDITO sobre o expediente que se tramita nesa Subdelegación do Goberno para o establecemento dun **taller de fabricación de artigos pirotécnicos, sito no lugar de Solláns, Calo (Teo)** que se atopa en exposición no Taboleiro de Anuncios deste concello de Teo

REMÍTELLE

INFORME TÉCNICO EN RELACIÓN CO EXPEDIENTE 048-566967 PARA O ESTABLECIMENTO DUN TALLER DE FABRICACIÓN DE ARTIGOS PIROTÉCNICOS , EN SOLLÁNS, PARROQUIA DE CALO, elaborado polos Servizos Técnicos Municipais.

De forma complementaria ás alegacións que remitimos, esta Alcaldía SOLICÍTALLE que requira da Intervención Central de Armas y Explosivos ou dos técnicos competentes na materia, informe sobre a viabilidade e consistencia técnica do proxecto en relación coas cantidades de almacenamento propostas, xa que son inferiores en CEN VECES á capacidade de almacenamento do común dos talleres de pirotecnia establecidos na provincia, dado que este dato resulta clave á hora de fixar as distancias de seguridade con respecto aos núcleos de poboación e das estradas.

Teo, na data da sinatura electrónica

Rafael Sisto. Alcalde

**INFORME TECNICO SOBRE EN RELACION CO EXPEDIENTE NÚMERO 048-566967
PARA O ESTABLECIMENTO DUN TALLER DE FABRICACIÓN DE ARTIGOS
PIROTÉCNICOS, SITO NO LUGAR DE SOLLÁNS, PARROQUIA DE CALO.**

IGNACIO SOTO GONZÁLEZ, arquitecto do Concello de Teo, a petición do Sr. Alcalde, e en relación co expediente número 048-566967 para o establecemento dun taller de fabricación de artigos pirotécnicos, sito no lugar de Solláns, parroquia de Calo, interesado por Dona Margarita Carro Quian, en nome e representación de Pirotecnia Calo, S.L emite o seguinte informe:

Logo de ver que na documentación presentada ante a Subdelegación de Goberno con data 13/07/2022, para a solicitude que nos ocupa, remitida ao Concello de Teo pola Subdelegada do Goberno, consistente no proxecto para a instalación dun taller de fabricación de artigos pirotécnicos, de acordo ao Real Decreto 989/2015 de 30 de outubro redactado por dona María del Carmen Moreira Piquenque, copia das escrituras da empresa Pirotecnia Calo, e un borrador do plan de seguridade cidadán de instalacións de taller de fabricación de artigos pirotécnicos redactado por don Marcelino Abelleira Ramos.

INFORMA:

INTEGRIDADE DOCUMENTAL

Os Talleres de fabricación de artigos pirotécnicos e cartuchería regúlanse no Real Decreto 989/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de artigos pirotécnicos e cartuchería. A solicitude de autorización mais concretamente regúlase no articulo 25 do citado Real Decreto. No devandito articulo establécese que as persoas naturais ou xurídicas que se propoñan establecer un taller dirixirán á Delegación do Goberno na Comunidade Autónoma correspondente, a solicitude, acompañada dun proxecto visado asinado por un titulado universitario competente na materia, que comprenda, **como mínimo:**

1. Memoria descriptiva con detalle de:

- 1.1. Disposicións adoptadas para o cumprimento do disposto neste regulamento, con especial mención ás disposicións referidas nas Instrucións técnicas complementarias números 9 e 13.
- 1.2. En caso de tratarse dun taller de fabricación, artigos ou cartuchería que se proxecte fabricar, medios de fabricación que haxan de empregarse, capacidade de almacenamento e capacidades estimadas de produción.
- 1.3. Características construtivas das instalacións que integran o taller.
- 1.4. Documentación relativa á prevención de accidentes graves segundo o disposto na ITC número 10, se procede.

- 1.5. Borrador do Plan de seguridade cidadá segundo o disposto na ITC número 11.
 - 1.6. Lugar, instalacións e procedementos de eliminación ou inertización segundo o disposto na ITC número 12, excepto para talleres de cartuchería.
 - 1.7. Prazo de execución do proxecto.
2. Planos de implantación das instalacións e plano topográfico no que figure o emprazamento do taller e os terreos limítrofes nun radio de 3 quilómetros como mínimo. No caso de talleres de cartuchería o radio será de 1 quilómetro como mínimo.
 3. Orzamento do investimento previsto.
 4. Solicitude de inicio de avaliación de impacto ambiental, en virtude do establecido na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

Analizando a documentación achegada coa solicitude atópanse por unha banda algunhas deficiencias e por outra unha falta de documentación que paso a detallar.

O Real Decreto no seu artigo 25.1.3, menciona a necesidade de que o proxecto defina como mínimo as características construtivas das instalacións que integran o taller. Coa lectura do proxecto presentado este técnico non é capaz de coñecer as dimensións das construcións que se pretenden dedicar á actividade de taller, non se acoutan en planta as construcións a utilizar, non se presenta ningún alzado nin sección das mesmas, non se coñecen as alturas, é dicir, as súas características xeométricas, polo que dificilmente poderán coñecerse as súas características construtivas, tendo en conta ademais que nin se mencionan materiais nin se presenta sección construtiva algunha que pueda permitir unha mínima definición construtiva da obra que se pretende acometer.

Na documentación presentada, e máis concretamente no proxecto asinado por dona María del Carmen Moreira Piquenque non se definen as características construtivas das instalacións que integran o taller polo que debería ser modificado o proxecto para dar cumprimento ao artigo 25.1.3 do R.D. que regula a documentación mínima que deberá conter a documentación a presentar.

Respecto a os planos de implantación das instalacións e plano topográfico no que figure o emprazamento do taller e os terreos limítrofes nun radio de 3 quilómetros como mínimo, no caso de talleres de cartuchería o radio será de 1 quilómetro como mínimo, que require artigo 25.2. Na documentación presentada non existe ningún plano topográfico no que figure o emprazamento do taller e os terreos limítrofes, sendo isto unha grave deficiencia para poder entender perfectamente a orografía da implantación e poder facer unha correcta medición de distancias que nos permitan comprobar o cumprimento da normativa de aplicación e especialmente dos anexos do R.D.

Na documentación presentada a única información gráfica de carácter territorial que se presenta é a cartografía base do 1:5000 totalmente desactualizada e desfasada e que non é o que se require como documentación **mínima** para poder atender a solicitude. A

SERVIZOS TECNICOS MUNICIPAIS.



cartografía achegada non só non é a mínima necesaria, senón que ademais é inexacta, incompleta e desfasada o que pode, e de feito así ocorre, levar a erro debido a que faltan vivendas existentes e non grafadas, faltan viarios públicos existentes na actualidade e cuxa existencia deberá comprobarse no calculo das distancias mínimas cuestión básica de seguridade a hora de poder autorizar una instalación como a que nos ocupa.

Non punto 4 do artigo 25 do Real Decreto se require a solicitude de inicio de avaliación de impacto ambiental, en virtude do establecido na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

No Real Decreto 563/2010 segundo o seu ANEXO I, son proxectos sometidos á avaliación ambiental ordinaria regulada no título II, capítulo II, sección 1.^a as instalacións para a produción a escala industrial de substancias mediante transformación química ou biolóxica, dos produtos explosivos (grupo 5. a. 6.).

No caso que nos ocupa estamos ante unha instalación de **fabricación** de artigos pirotécnicos e cartuchería, como así figura no titulo do proxecto presentado, e non de preparación e montaxe de espectáculos con artificios de pirotecnia. É pois unha instalación de fabricación, de produción de produtos explosivos e por tanto debería estar sometido a avaliación de impacto ambiental conforme ao citado Anexo I.

Pero aínda aceptando que non fóra así entendido pola autoridade ambiental competente, trataríase dun proxecto sometidos á avaliación ambiental simplificada regulada no título II, capítulo II, sección 2.^a, as instalacións industriais de almacenamento de produtos petrolíferos, petroquímicos e químicos con máis de 100 metros cúbicos de **capacidade** (proxectos non incluídos no anexo I). A redactora do proxecto coñecendo esta circunstancia afirma que non esta suxeito porque a instalación non supera os 100 m³. Facendo un análises superficial dos volumes propostos no proxecto para almacenaxe de produtos químicos a suma dos almacéns de materias primas e mesturas (20,61 m²), almacén de produtos terminados (32 m²) e almacén de produtos intermedios (22,60 m²) é de supera os 72,20 m², polo que aínda que como afirmei antes, non coñecemos as características xeométricas dos locais, descoñecendo as alturas podemos supoñer que será superior a 1,36 m, o que superaría os 100 m³ de volume, e por tanto a obriga de ser sometido á avaliación ambiental simplificada.

No proxecto afirmase que a altura máxima de almacenamento para as dependencias I, F e G será de 1,20 m, tendo en conta o anterior non procede a Avaliación de Impacto Ambiental Simplificada para a instalación do depósito de pirotecnia obxecto do presente proxecto, dado que o volume de almacenamento do novo taller será de, aproximadamente, 91 m³, valor inferior a 100 m³, pero hai que ter en conta que o Real Decreto 563/2010 fala de capacidade de almacenamento, e non de almacenamento previsto polo promotor da actividade, polo que debería computarse a capacidade de almacenamento obxectivo que das construcións destinadas a almacenamento.

Podemos pois concluír que o proxecto presentado tes **graves deficiencias** en canto á documentación MINIMA a presentar conforme ao artigo 25 do Real Decreto 989/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba ou Regulamento de artigos pirotécnicos e cartuchería polo que ao meu entender deberase emendar a documentación presentada para adaptala á documentación esixida pola lexislación aplicable.

APLICACION ANEXO ITC 9: NORMAS DE DISEÑO E EMPRAZAMENTO PARA TALLERES

Á hora de poder aplicar o anexo ITC 9: normas de deseño e emprazamento para talleres do R.D. Deberemos ter en conta que como dixemos anteriormente o proxecto parte dunha cartografía desfasada e non adaptada á realidade polo que calquera medición que se realice sobre ela, carece de calquera rigor, polo que se deberá empezarse coa realización do necesario e obrigado levantamento topográfico do ámbito no que se reflecta a realidade a data de presentación da solicitude.

Aínda así, intentarei facer consideracións de carácter máis xeral, con independencia unha vez subsanada a documentación presentada de poder facer unha comprobación efectiva das distancias de seguridade, dado que non se poden comprobar as medicións presentadas no proxecto.

No proxecto trátanse as distancias a estradas, obviando que a estrada que discorre polo ámbito, titularidade de Deputación da Coruña, é unha estrada cunha circulación superior a 2.000 vehículos/día, segundo aforo medido, polo que conforme ao mencionado anexo 9, deberá ser tratada como vía de comunicación, mentres que no proxecto é tratada como outra estrada.

A distancia necesaria á vías de comunicación segundo os cálculos realizados no proxecto (99,46m) son maiores que as distancias existentes desde as construcións á estrada da Deputación polo que se incumpriría o anexo ITC 9.

Por outra banda aínda que na memoria do proxecto calcúlase a distancia mínima requirida a núcleos de poboación, fixándose en 125,25 m, en ningures do mesmo nin gráfica nin escrita, delimitase devandito núcleo, baseando a xustificación nunha mera afirmación.

Se tomamos como delimitación do núcleo de poboación, cuestión que parece bastante lóxica, a delimitación que o PXOM de Teo vixente ten tanto para o solo urbano como para o solo de núcleo rural da zona, dita distancia non se cumpre, sendo menor que a requirida (125,25 m) á delimitación de chan urbano, incumprindo coas distancias mínimas de seguridade que se requiren no R.D.

Polo tanto, a documentación presentada a xuízo deste técnico, á espera de que unha vez subsanada se podan facer comprobacións reais das distancias de seguridade, non cumpre co Anexo ITC 9: normas de deseño e emprazamento para talleres do Real Decreto 989/2015

NORMATIVA SECTORIAL DE APLICACIÓN

A Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia establece no seu artigo 38 limitacións á utilización de explosivos, tal que o uso, transporte e almacenamento de explosivos para aperturas de estradas, traballos de canteiras, prospeccións mineiras e outras actividades que inclúan o uso dos citados materiais en terreos forestais haberá de realizarse segundo as súas normas de seguridade, elaborando

SERVIZOS TECNICOS MUNICIPAIS.



un plan de medidas de seguridade e prevención que será remitido para o seu coñecemento á consellería con competencia en materia forestal.

Parte da parcela atópase dentro da faixa de protección contra incendios forestais polo que con carácter previo á autorización deberíase poñer en coñecemento da devandita administración

O Decreto 143/2016, do 22 de setembro, que aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do chan de Galicia regula no seu artigo 60 condicións de edificación, que os peches de fábrica non poderán exceder de 1,5 metros de altura, debendo adaptarse ao medio en que se sitúen.

No punto 4.9 do proxecto defínese un peche cunha altura mínima de 2 metros, dos cales 50 centímetros superiores con tres filas de arame de espino, sexan colocados sobre baionetas inclinadas 45º cara ao exterior, devandito peche incumpre a normativa de aplicación

Polo tanto, a documentación presentada a xuízo deste técnico, non cumpre co normativa sectorial de aplicación.

CORREDOR EXTERIOR

Todo o perímetro da instalación contará cun corredor exterior constituído por unha franxa de, polo menos, tres metros de ancho, enteiramente despexada de forma tal que se facilite a efectiva vixilancia e protección.

Na documentación presentada, polo menos en dúos dos lados do seu perímetro, non pode comprobarse por este técnico que o promotor da actividade dispón dos devanditos terreos, ou polo menos ten algún acordo o autorización de uso dos mesmos por parte dos seus propietarios, polo que debería aclararse tal extremo coa finalidade de poder dar cumprimento a un aspecto tan importante da seguridade do peche da instalación, así como da posibilidade de comprobación polas persoas encargadas de tal labor.

OUTRAS CONSIDERACIONS

Por último gustaríame facer un pequeno inciso respecto á veracidade dos datos achegados polo promotor da actividade na documentación presentada, e non me estou referindo ao soporte cartográfico presentado no que se pretende reflectir a realidade existente, que tamén, senón ao estado das construcións existentes a data de hoxe e ás obras necesarias para a súa reconstrución/rehabilitación, é dicir á realidade física sobre a que se pretende actuar, que en pouco concorda co afirmado no proxecto como estado previo das edificacións, e que en todo caso será comprobado no seu debido momento do expediente administrativo.

CONCLUSIONS

1. A documentación presentada incumpre o artigo 25 do Real Decreto 989/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de artigos pirotécnicos e cartuchería, tendo en conta que aínda que o citado R.D. fala de documentación mínima, a documentación presentada
 - a. Non define as características construtivas das instalacións que integran o taller (Art 25.1.3)
 - b. Non conta con planos de implantación de las instalacións e plano topográfico no que figure o emprazamento do taller e os terreos limítrofes nun radio de 3 quilómetros como mínimo. (Art 25.2.)
 - c. Non ten solicitude de inicio de avaliación de impacto ambiental, en virtude do establecido na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental (Art 25.4.)
2. A documentación presentada incumpre o anexo ITC 9: normas de deseño e emprazamento para talleres do Real Decreto 989/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de artigos pirotécnicos e cartuchería, tendo en conta que
 - a. Non cumpre coa distancia a vías de comunicación, neste caso á estrada CP 8202 conta con un IMD superior a 2000 , mentres que no proxecto se esta aplicando erroneamente a distancia recollida para outras estradas.
 - b. Non cumpre coa distancia a núcleos de poboación inferior a 125,25m.
3. A documentación presentada incumpre o Decreto 143/2016, do 22 de setembro, que aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro en canto aos peches en solo rústico de especial protección.
4. A documentación presentada incumpre a Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia que establece no seu artigo 38 limitacións á utilización de explosivos

O presente informe contén a miña opinión, segundo o meu leal saber e entender e que someto a calquera outra mellor formada, ten carácter exclusivamente técnico e sen prexuízo do que se formule en calquera outro informe ou requisito que se considere necesario para ó axuste á legalidade vixente da actuación pretendida.

SERVIZOS TECNICOS MUNICIPAIS.



Asemade as valoracións técnicas contidas neste informe teñen que ponderarse dende os presupostos técnicos constatados nos documentos que se citan como os únicos que constan no expediente que se me amosa para a súa emisión, o que supón que unha alteración ou modificación dos mesmos comportaría a invalidez das apreciacións e valoracións técnicas expresadas neste informe.

En Teo, 09.08.2022

O Arquitecto municipal

